

NOTIFICACIÓNS DO SERVIZO DE COMEDOR

Correccións do menú de xaneiro de 2022

- **Día 13:** o peixe que se serviu foi bacallau fresco ao forno con patacas panadeira.
- **Día 20:** o peixe que se serviu foi salmón fresco ao forno con allo e pirixel, acompañado con guarnición de arroz branco.
- **Día 27:** por imprevistos serviuse o menú do 28, revolto de espinacas e filete de tenreira con patacas fritidas.
- **Día 28:** por imprevistos do día 27, serviuse o menú dese día, bacallau fresco á Romana con arroz.
- **Día 31:** o menú deste día substituíuse por un pícnic (bocadillos de xamón –queixo e chourizo, auga, plátano, mandarina e mazá) para levar a andaina solidaria polo Día da Paz. O menú do 31 servirase o 1 de febreiro.

Información de interese

Tras o primeiro trimestre de funcionamento, comprobamos como a eliminación de alimentos ultraprocesados encareceu considerablemente os custes do comedor, polo que nos vemos na obriga de buscar a maneira de abaratar gastos sen que afecte a calidade do servizo. Seguimos apostando por un modelo de alimentación equilibrado e variado, onde prevalezan os alimentos naturais fronte aos procesados.

Unha maneira de economizar e contribuír ao aforro é axustar a cantidade de comidas a facer diariamente en función do número de comensais. Por iso, **pedímosvos** ás familias **que no caso de ausencia dun alumno/a usuario de comedor se avise ao centro chamando ao 988788594 nas dúas primeiras horas da mañá**. Se non se avisa ou se fai tarde (nas últimas horas de mañá), a comida xa está feita e acabará no lixo.

Moitas grazas pola vosa colaboración.